



## Propostas didácticas Infantil

Curso 2020 - 2021

## **DISPOSICIÓN PARA UNHA VISITA ESCOLAR SEGURA Ó MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA**

**Coas novas medidas sanitarias e de seguridade pola COVID-19 o Museo de Belas Artes da Coruña establece as seguintes dinámicas relativas as visitas escolares:**

- Os grupos escolares que nos visiten terán que ser sempre grupos de convivencia estable (“aulas-nido”): grupos estancos que cohabiten no espazo escolar das aulas. Deste xeito non recibiremos dúas aulas simultaneamente nin grupos compostos por particións de aulas.
- O número máximo establecido é de 30 persoas (contando cos/as profesores/as acompañantes). Se o grupo que nos visita é de máis de 20 persoas partirase en dous para facilitar o desprazamento polas salas do museo.
- As visitas durarán 1 hora e 15 minutos. Realizaranse en dúas quendas de mañán: ás 10:00 e ás 11:30. Deste xeito garantimos un tempo intermedio para que non haxa máis dun grupo de escolares coincidindo no espazo do museo. Pedimos así a máxima puntualidade.
- O grupo escolar terá que respetar a distancia de dous metros de calquera visitante ou traballador do museo.
- O alumnado e os/as responsables deberán levar a máscara durante toda a visita. En caso de que haxa algún caso individual no que exista unha xustificación de non levala por contraindicación médica o/a responsable do grupo terá que informar ó museo antes do día da visita.
- O/a profesor/a acompañante do grupo será en todo o momento responsable do cumprimento das normas e dinámicas aquí expostas.
- Ao entrar no Museo, o/a responsable do grupo se dirixirá ó mostrador para que se tome rexistro. Mentres se realiza este trámite o grupo deberá permanecer no espazo indicado polo persoal de atención ó público.
- As visitas serán dinamizadas alentando sempre a participación.
- Quedan suspendidos polo momento os talleres ou as dinámicas onde se manipulan obxectos.
- O servizo de consignas está fóra de servizo. Non se permite a entrada con bolsas, mochilas ou paraugas.



**TÍTULO: *A increíble historia dunha pinga de pintura azul***

TIPO DE VISITA: Visita dinamizada

NIVEL: 3º - 6º Ed. Infantil

DURACIÓN: 1h e 15min

OBXECTIVOS:

- . Posibilitar unha primeira aproximación ao mundo dos museos por parte dos máis cativos
- . Descubrir, a través da observación e do xogo, as distintas situacións que agochan as obras da colección
- . Estimular a imaxinación a través da observación das obras de arte
- . Diferenciar as cores primarias das secundarias
- . Recoñecer as tonalidades da gama cromática e experimentar como nos suxiren sensacións diferentes

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: *A increíble historia dunha pinga de pintura azul* é unha actividade concibida como unha primeira aproximación ao mundo do museo por parte dos máis cativos. Nesta visita de carácter narrativo percorrерemos os distintos espazos do museo acompañados dunha pinga azul que contará aos nenos e nenas as súas aventuras desde que escapou dun bote de pintura. Partindo das ideas previas dos nosos visitantes observaremos cadros cheos de motivos familiares: o mar, os animais, as flores... facendo fincapé nas súas formas, figuras e cores. Dun xeito lúdico e participativo, descubriremos a diferenza entre cores primarias e secundarias e reflexionaremos sobre os sentimentos e sensacións que as distintas tonalidades poden suxerirnos.



**TÍTULO: *O mar no museo***

**TIPO DE VISITA:** Visita-taller

**NIVEL:** 3º - 6º Ed. Infantil

**DURACIÓN:** 1h e 15min

**OBXECTIVOS:**

- . Coñecer os diferentes aspectos do mundo mariño: o mar, a fauna, os elementos que compoñen a paisaxe e a interacción humana co medio
- . Descubrir, a través da observación da obra de arte, escenas nas que se estea a desenvolver unha acción e nas que o protagonista sexa o mar
- . Fomentar a observación, o descubrimento e a interpretación de imaxes a través do contacto directo coa arte

**DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:** Este percorrido é unha alternativa para os centros que xa visitaron o museo en Educación Infantil ou para aqueles que estean interesados na temática do mar e a súa representación na arte. Nas salas do museo podemos atopar obras de distintas épocas e estilos que fan referencia o mundo mariño: océanos, praias, cantís, mariñeiros, nenas que xogan á beira do mar, mariscadoras, sereas...

Partindo da observación da obra de arte, falaremos dos diferentes elementos das paisaxes de costa e da fauna mariña, escoitaremos os sons do mar, coñeceremos os oficios vinculados a este medio e contaremos historias dos mundos fantásticos que se agochan nos fondos do océano.